

## ***Normativa de Organización Docente do Traballo Fin de Grao na titulación de Grao en Belas Artes***

(Aprobada en Xunta de Facultade de 30 de setembro de 2009)

(Modificada en Xunta de Facultade de 10 de maio de 2012)

(Modificada en Xunta de Facultade de 19 de febreiro de 2013)

(Modificada en Xunta de Facultade de 14 de xuño de 2013)

(Modificada en Xunta de Facultade de 26 de xuño de 2014)

(Modificada en Comisión Permanente o 17 de marzo de 2016)

### ***1. Introdución. Datos básicos da materia***

O Traballo de Fin de Grao (TFG), segundo o RD 1393/2007 que establece a ordenación dos ensinos universitarios oficiais, é unha actividade que deben incluír todas as titulacións de Grao, deberá “realizarse en la fase final del plan de estudios y estar orientado a la evaluación de las competencias asociadas al título”, e está comprendido dentro dos 240 ECTS que debe de superar un estudiante para obter a titulación, polo que a súa programación está integrada como unha actividade máis dentro do programa de estudos do último cuatrimestre do cuarto curso.

O RD 861/2010 do 2 de xullo, que modifica ao RD 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación dos ensinos universitarios oficiais, dá unha nova redacción ao artigo 6 referido ao recoñecemento e transferencia de créditos e sinala: “En todo caso non poderán ser obxecto de recoñecemento os créditos correspondentes aos traballo de fin de grao e mestrado”.

Regulamento para a realización do TFG da Universidade de Vigo, aprobado en Consello de goberno 17/07/2015 modificado 15/02/2016.

Aínda tendo a consideración de calquera outra materia do plan de estudos, as peculiaridades do TFG fan que sexa necesario establecer unha normativa mínima que garanta o seu desenvolvemento adecuado, cumprindo o obxectivo básico de pór en práctica e avaliar as competencias adquiridas.

Na titulación de Grao en Belas Artes pola Universidade de Vigo á materia de Traballo Fin de Grao (TFG) adxudícansele unha carga de 18 ECTS durante o último cuatrimestre do programa de estudos, ten asociadas competencias e contidos específicos e unha programación regulada de actividades de ensino-aprendizaxe, isto fai que deba de programarse en parte como traballo presencial do estudiante. Ademais, o desenvolvemento do TFG de forma individualizada require dunha proporción considerable de traballo autónomo do estudiante baixo a dirección dun profesor-titor. A organización do TFG ten pois que atender a tres actividades distintas: actividades presenciais, traballo autónomo do estudiante e titorización. A estes tres aspectos hai que engadir as actividades de avaliación.

O TFG, tal e como está deseñado na titulación, ten unha forte vinculación coa materia de Procesos de Investigación e Creación do penúltimo cuatrimestre, que pode considerarse como unha materia previa destinada, entre outras cousas, a dotar ao alumno de competencias metodolóxicas que faciliten o seu desenvolvemento.

## ***2. Organización académica do TFG***

### ***2.1 Equipo docente da materia***

O equipo docente da materia estará composto por:

- Profesorado con dedicación adscrita á materia, encargado de impartir a parte de docencia presencial que constará como mínimo de 3 sesions e de organizar a titorización dos traballos e a avaliación da materia. A súa dedicación estaría contemplada no POD do curso corrente
- Profesorado titor, encargado de dirixir e titorizar o desenvolvemento do TFG de cada estudiante. Compensaríase a súa dedicación cunha redución da súa carga docente no curso seguinte, nos termos que se estableza á normativa da Uvigo.

### ***2.2 Horarios e espazos de docencia/aprendizaxe***

Nos horarios da titulación contemplarase:

- A docencia presencial coa duración e o número de grupos que se recolla no encargo docente correspondente.
- As necesidades de titorización establecéndose nos horarios períodos semanais nos que o profesorado titor poida desenvolver o seu plan de titorización.

Habilitaranse os espazos necesarios tanto para o desenvolvemento da docencia presencial e a titorización do TFG nos distintos ámbitos disciplinares e multidisciplinares que se tratan na titulación.

### ***2.3 Guía Docente***

Como calquera outra materia o TFG disporá da súa correspondente Guía Docente, que debe de adaptarse tanto á normativa específica de Guías Docentes da UVIGO como á presente normativa.

### **3. Desenvolvemento do TFG**

#### *3.1 A docencia presencial*

A docencia presencial corresponde ao profesorado con dedicación adscrita á materia, desenvólvese ao longo do cuatrimestre no horario establecido.

#### *3.2 Titorización*

##### *3.2.1 O profesor titor*

Poderá titorizar traballos de fin de grao calquera profesor con docencia na titulación, incluído o profesorado con dedicación adscrita á materia de TFG. Os/as docentes ofertarán a comezo de cada curso liñas de traballo para o tfg con asignación de todo o profesorado que imparte docencia na titulación. No caso contrario asignarase ao profesorado unha liña co nome da materia ou a área onde imparte docencia.

Procurarase que o equipo de profesores tutores abarque especialistas en todos os ámbitos disciplinares tratados na titulación, así como unha presenza equitativa dos departamentos con docencia na titulación, incluídos os de ámbitos afíns á belas artes.

Os tutores poden participar aportando información nas deliberacións do tribunal.

Os tutores emitirán un informe final cunha valoración positiva ou negativa que indique se, ao seu xuízo, o estudiante cumpliu co mínimo de traballo autónomo exigible tendo en conta os créditos da materia, e se cumpliu de xeito satisfactorio coas citas e requerimentos que no proceso lle foron presentados polo tutor. Esta valoración será vinculante, de xeito que un informe negativo impide ao estudiante ser avaliado da materia na convocatoria en curso, e un positivo o posibilita.

Recoméndase que o informe do tutor teña unha extensión mínima de 10 liñas e que comprenda o desenvolvemento e evolución do traballo do tutorando.

Os tutores participarán neste proceso facilitando a persoa coordinadora información acerca das características das obras a expoñer e organizando e supervisando a montaxe e a desmontaxe das obras nos espazos asignados aos estudiantes que autorizaron.

##### *3.2.2 Asignación da titorización*

As tarefas de titorización, avaliación e cualificación dos traballos fin de grao forman parte das obligas docentes do profesorado. Aqueles/as docentes que non titoricen traballos poderán ser designados para formar parte do tribunal de avaliación.

A asignación das persoas titoras farase tendo en conta o ámbito de traballo do estudiantado, solicitando ós departamentos a implicación das distintas áreas de coñecemento.

### 3.2.3 Proceso de titorización

Unha vez asignados os estudiantes a cada tutor, este deberá dar a coñecer aos estudiantes o plan de titorización a seguir. Nos horarios oficiais reservarase un período semanal para a titorización e seguimiento dos traballos por parte dos profesores titores.

Establécese un número mínimo de catro titorías presenciais (ou por causas xustificadas a través de videoconferencia). Durante ese tempo o tutor poderá desenvolver o seu plan de titorización por medio de entrevistas individuais, titorizacóns en grupo, presentacións por parte dos estudiantes, ou calquera outra actividade que considere conveniente.

### 3.2.4 Estudiantes de intercambio

Os estudiantes podan realizar o TFG na súa estancia na universidade de destino tendo asignado un tutor na que poderá facer un seguimento do traballo a distancia, mantendo entrevistas por videoconferencia ou compartindo as tarefas de titorización co profesorado da Universidade de destino.

Aquel alumnado que opte por realizar o TFG na Universidade de Vigo, unha vez rematada a súa estancia no estranxeiro, terá a posibilidade de presentar a defensa do TFG na Universidade de Vigo.

## 3.3 Coordinación

A figura de coordinador encargarase da docencia dos seminarios do TFG así como da asignación das teorizacóns en función do ámbito de traballo e resolverá todas as cuestíons derivadas que puideran xurdir.

A docencia teórica constará de 3 sesións como mínimo. Dentro dos contidos destes seminarios inclúese a docencia sobre metodoloxía e a realización da memoria do TFG .

A persoa coordinadora organizará as presentacións finais do TFG, que se formularán como unha exposición da obra nos espazos para este fin habilitados, e unha defensa oral do traballo. A persoa coordinadora distribuirá a obra dos estudiantes en función das necesidades expositivas e con vistas a facilitar o proceso de presentación dos traballos.

## 3.4 Avaliación

A avaliación do TFG deberá valorar a obtención da totalidade de competencias da titulación, tanto específicas como transversais. O profesor tutor emitirá un informe de seguimento do traballo de cada estudiante e unha valoración dos resultados.

A cualificación final do TFG deberá ter polo menos en conta a valoración do tutor, os resultados obtidos e a presentación por parte do estudiante. Na Guía Docente debe de quedar reflectido o grao de ordenación de cada un dos aspectos que interveñen na cualificación.

A avaliación da materia repártese deste xeito:

- a) Presentación final 80%: Presentación do traballo 50% e Memoria 30%
- b) Nota da persoa titora 20%

A presentación final é avaliada por un tribunal formado por tres persoas, que exercerán presidencia, secretaría, e vogal. Poderán participar como vogais (con voz e voto), ou asesores (con voz pero sen voto) ou persoas relevantes do ámbito artístico que posúan unha titulación de nivel igual ou superior ao grao.

A memoria do TFG terá una estrutura e extensión determinada que se adecuará ao recollido no Anexo I desta normativa.

Este anexo I incluirase na guía docente da materia.

Excepcionalmente, e por causas xustifica das, unha persoa poderá realizar o acto de defensa de forma virtual pero achegando previamente toda a documentación necesaria para que o tribunal poida examinar a documentación do traballo realizado coa suficiente antelación. Para isto ademais da memoria incluirase unha gravación ou copias das imaxes que formen parte do traballo.

A persoa coordinadora facilitará con suficiente antelación para a súa aprobación por Xunta de Facultade a proposta de profesores que formarán parte dos diferentes tribunais en función da súa área de coñecemento.

## ***Memoria del TFG***

La memoria del Trabajo de Fin de Grado en Bellas Artes es un texto, generalmente acompañado de imagen, que documenta el proceso de trabajo llevado a cabo durante el desarrollo de la asignatura. Habitualmente este trabajo es de creación, aunque también se da cabida a proyectos teóricos, didácticos y de gestión.

En su calidad de memoria, no se ha de entender como un ensayo, ni como un dossier, ni como un trabajo de investigación, aunque comparta características con estas tres modalidades de documento. Por eso, no vamos a proponer un esquema basado en el modelo académico de trabajo de investigación, sino uno simplificado que atienda a su función primordial. Concretamente, hemos eliminado el apartado de Metodología por considerar que creaba cierta confusión entre metodología creativa y de investigación. En el actual modelo, la exposición de los métodos de trabajo está integrada en el desarrollo.

La memoria tiene entre 15 y 30 páginas, sin contar anexos. Interlineado sencillo, letra 10 a 12 puntos, en formato estándar A4. Estas medidas son orientativas y pueden alterarse por necesidades del diseño.

Partes de la memoria:

### ***1. Título***

Designa de forma sintética el trabajo. Puede ir acompañado de un subtítulo explicativo.

### ***2. Índice paginado***

### ***3. Introducción***

Donde se plantea el trabajo. Incluye:

- Unos antecedentes del trabajo, que pueden ser experiencias artísticas y/o académicas previas, vivencias, contexto familiar/social etc. Los antecedentes pueden abarcar también las motivaciones del trabajo.
- Un planteamiento que defina el ámbito de trabajo y la idea o ideas principales.
- Un estado de la cuestión riguroso y actualizado en el que se mencione los referentes artísticos y/o teóricos más importantes. Podemos distinguir entre referentes generales, considerados como autores que han hecho un aportación relevante en un ámbito determinado, y referentes específicos, aquellos que hemos estudiado y cuya influencia está más o menos presente en el trabajo. Normalmente, los primeros se mencionan en la introducción y los otros a lo largo del trabajo.

## 4. Desarrollo

Donde se cuenta cómo ha sido el proceso de trabajo. Debe estar dividido en capítulos. El criterio seguido para la organización del desarrollo debe derivarse de forma lógica del carácter del trabajo. Apuntamos aquí los criterios más comunes:

- Cronológico: narra el desarrollo del trabajo a través de una serie de etapas diferenciadas.
- Temático/conceptual: analiza y presenta el trabajo desde los diferentes temas que en él se abordan.
- Estructural/analítico: divide el trabajo según un esquema analítico del modo de trabajo. Por ejemplo: aspectos técnicos, formales, conceptuales. En cualquier caso, las cuestiones técnicas (cómo se hace), formales (qué aspecto tiene) y conceptuales (qué significa), deben tratarse de manera integrada en toda memoria, aun sin que necesariamente constituyan apartados.

Estos y otros criterios se pueden combinar entre sí generando subcapítulos. Cada estudiante debe determinar, con la orientación del tutor, cuál es la organización más acorde a su forma de trabajar.

## 5. Conclusiones

Incluiríremos documentación visual de los resultados creativos y una breve reflexión escrita sobre los conocimientos, aptitudes y actitudes desarrolladas en el TFG.

## 6. Bibliografía

Por norma general se incluyen los documentos utilizados, ya sean citados directamente o aludidos. Es exigible el mayor rigor en citas y bibliografía. Como guía se pueden tomar las normas de la APA (American Psychological Association) o las indicaciones de Umberto Eco en su libro *Cómo se hace una tesis*.

Las imágenes deben llevar pie de foto con la información relevante. En el caso de obras de arte, deben llevar la ficha técnica.

## 7. Anexos

Incluyen aquella documentación que por su extensión no forma parte del desarrollo pero se considera de interés.